



Criterios de cualificación

A cualificación que se outorgará ao alumnado ao final de cada avaliación será a resultante de aplicar as seguintes porcentaxes ós distintos instrumentos de avaliación.

Instrumento	Peso	Observacións
1. Probas escritas	E.S.O.: 80% BACHARELATO: 90%	<p>Procurarase realizar unha proba escrita por cada tema impartido ponderando a puntuación dependendo da importancia das mesmas (nº de unidades e tempo adicado na aula). En caso de coincidir a proba cun confinamento, posporase a súa realización.</p> <p>Se non fose posible pospoñer a proba con data anterior á finalización da avaliación na que nos atopemos, a nota correspondente a este apartado se obterá cos exames realizados ata o momento.</p>

2. Participación/Tarefas na aula ordinaria e Aula Virtual	E.S.O.: 20% BACHARELATO: 10%	<p>Valorarase mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A observación diaria na aula. • Control da realización das tarefas. • A revisión do caderno (1º e 2º e 3º ESO) preferentemente mediante medios telemáticos.
--	---------------------------------	---

Hai que ter en conta que, en todos os grupos da ESO, para que o alumnado alcance unha cualificación positiva ao final de cada avaliación, deben superar polo menos un 30% da nota correspondente a cada apartado.

A **nota trimestral** obterase da suma dos apartados anteriores e é necesaria unha nota dun **5** para poder superar o trimestre.

A falta de asistencia a un exame debe ser comunicada ao profesor/a, o mesmo día ou o día anterior ao exame. Ademais, deberase presentar, ao profesor/a, a xustificación oportuna, dentro das 48 horas seguintes á incorporación do alumno/a á clase. De non ser así, a cualificación no exame será dun 0.

A asistencia do alumno/a é obrigatoria. De ter faltas xustificadas, se o profesor o considera oportuno, compensará esta situación con tarefas complementarias que non supoñan unha penalización para o alumno/a.

En cada avaliación o alumnado terá unha proba obxectiva de recuperación, podendo o profesor/a, se o considera oportuno, propoñer actividades complementarias de recuperación. Estas actividades en ningún caso se deslizarán da marcha normal do curso, onde se realizará un seguimento avaliador do alumnado.

A **cualificación final da materia na convocatoria ordinaria** será a media das tres avaliacións.

A cualificación da convocatoria extraordinaria de setembro será só a nota obtida nese exame.